



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
VINTE E SETE DE ABRIL DE 2015, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . CELIA ALEGRE MACEIRA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos do día vinte e sete de abril de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18/03/2015).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o dezoito de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral do exercicio 2014.

Dáse conta da Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2014, que consta das seguintes partes, segundo o disposto no artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e na Orde de Economía e Facenda 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local:

A.- BALANCE DE SITUACIÓN

BALANCE DE SITUACIÓN	
ACTIVO	
PASIVO	
16.691.557,97	16.691.557,97



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



B.- CONTA DE RESULTADOS

INGRESOS AÑO 2014	3.763.753,56
GASTOS AÑO 2014	3.109.547,80
RESULTADO TOTAL (AFORRO)	654.205,76

C.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS EN 2014	3.742.038,86
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS EN 2014	- 3.654.461,13
DIFERENZA: RESULTADO DO EXERCICIO	87.577,73
GASTOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA	0,00
DESVIACIÓN DE FINANCIAMENTO NEGATIVAS	26.859,70
DESVIACIÓN DE FINANCIAMENTO POSITIVAS	-17.952,00
RESULTADO AXUSTADO (SUPERAVIT)	96.485,43

Quedando ao final do exercicio:

DEBEDORES DEREITOS RECOÑECIDOS	281.534,90
ACREDORES OBRIGAS RECOÑECIDAS	134.356,42

D.- ESTADO DEREITOS E OBRIGAS EXERCICIOS ANTERIORES

DEBEDORES PENDENTES DE COBRO	106.050,96
ACREDORES PENDENTES DE PAGO	0,00

E.- COMPROMISOS CON CARGO A EXERCICIOS FUTUROS

Negativo

F.- ESTADO DA TESOURERÍA

	EX. INICIAL	COBROS	PAGOS	EX. FINAL
CAIXA	317,89	47.629,40	47.276,49	670,80
BANCOS	16.998,92	6.528.436,45	6.486.679,95	58.755,42
TOTAL	17.316,81	6.576.065,85	6.533.956,44	59.426,22

G.- ESTADO DA DÉBEDA

Capitais:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



	A 01/01/2014	CREACIÓN	AMORTIZACIÓN	A 31/12/2014
CON ENT. DE CREDITO	737.515,77	0,00	180.571,21	556.944,56
OPER. TESOURERÍA	218.828,09	300.009,25	238.415,49	280.421,85
CON AA. PÚBLICAS	225.717,43	0,00	28.214,74	197.502,69

Xuros:

	A 01/01/2014	DEVENGADO	VENCIDO	A 31/12/2014
CON ENT. DE CRÉDITO	0,00	24.501,44	24.501,44	0,00
OPER. TESOURERÍA	0,00	4.285,88	4.285,88	0,00
CON AA. PÚBLICAS	0,00	0,00	0,00	0,00

Negativo

H.- REMANENTE DE TESOURERÍA

+ FONDOS LÍQUIDOS DE TESOURERÍA A 31/12/2014	59.426,22
+ DEBEDORES PTES. DE COBRO A 31/12/2014 (NETOS)	407.083,38
- ACREDITORES PTES. PAGO A 31/12/2014 (NETOS)	496.587,70
REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	- 30.078,10
SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	- 52.589,24
EXCESO DE FINANCIAMENTO AFECTADO	- 17.952,00
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	-
	100.619,34

Así mesmo, achéganse os seguintes anexos:

- Memoria da Conta Xeral.
- Investimentos destinados ao uso xeral.
- Inmobilizacións materiais e inmateriais.
- Endebedamento.
- Operacións non orzamentarias.
- Balance de comprobación.
- Estado de modificación de créditos.
- Estado de gastos con financiamento afectado.
- Estado de situación e Movemento de valores.
- Relación Nominal de debedores e acredores.

Dáse conta así mesmo do informe favorable da Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas e da súa exposición ao público, sen que se presentase reclamación algunha

O pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada conta xeral.

3º.- Acordo, se procede, sobre aceptación e transmisión de ben inmovible con destino a cemiterio en Ponte Ulla.



3.1.- Aceptación cesión de parcela por parte do AGADER para destinala a cemiterio.

Dáse conta da comunicación núm. 401/15 da Consellería do Medio Rural e do Mar sobre acordo da Presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) do 24 de marzo, polo que se lle cede ao concello, a propiedade, mediante adxudicación directa e a título gratuito, o seguinte ben inmovible, de carácter patrimonial, con destino a cemiterio.

Parcela 387 do polígono 508 da zona de concentración parcelaria de Ponte Ulla, no concello de Vedra (A Coruña), cunha extensión superficial de sete áreas e vinte centiáreas. Limita norte con camiño, sur con camiño, leste con camiño, e oeste con don Ricardo Villaverde Gondar (388), construción e camiño. Sobre esta parcela localízase parte dun cemiterio, un local de servizos funerarios, un cruceiro, un banco, escaleira e rampla. Ref. Catastral 15090A508003870000AO.

En función do establecido nos artigos 10 e 12 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RD 1372/1986, do 13 de xuño), proponse:

PRIMEIRO.- Aceptar a cesión da propiedade, mediante adxudicación directa e a título gratuito do ben inmovible con referencia catastral 15090A508003870000AO, sito en Figueiredo -Ponte Ulla para destinalo a cemiterio.

SEGUNDO. Aceptar as demais condicións da cesión.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

3.2.- Cesión de parcela á AA.VV Virxe de Gundián de Ponte Ulla.

Dáse conta do escrito presentado pola AA.VV Virxe de Gundián de Ponte Ulla solicitándolle ao concello a cesión da parcela núm. 387 do polígono 508 de concentración parcelaria de Ponte Ulla, adquirida polo concello en virtude de adxudicación directa, a título gratuito, do AGADER en virtude de acordo de data 24 de marzo, con destino a cemiterio parroquial.

Considerando que no expediente consta o informe de Secretaría sobre da lexislación aplicable e o procedemento a seguir, así como informe dos Servizos Técnicos Municipais sobre das características do ben a ceder e a súa valoración e inclusión nalgún plan de ordenación, e informe de Intervención en relación co valor que supón dos recursos ordinarios do orzamento o valor do ben inmovible.

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o informe de Secretaría , proponse:

Primeiro.- Iniciar expediente para ceder gratuitamente a parcela núm. 387 do polígono 508 de concentración parcelaria de Ponte Ulla a favor da AA.VV Virxe de Gundián, con NIF G-15423114, coas condicións establecidas no acordo do AGADER do 14 de marzo.

Segundo.- Someter o expediente a un período de información pública por un prazo de vinte días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a fin de que os interesados presenten as alegacións que estimen pertinentes



Terceiro.- Remitir o expediente para o seu coñecemento á Xunta de Galicia.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

4º.- Acordo remitido pola Fegamp relativo á posible supresión dos Rexistros Cívís.

Dáse conta do acordo da Comisión Executiva da Fegamp na súa xuntanza do 18 de marzo, que di o seguinte:

“A Fegamp como lexítimo representante do municipalismo galego expresa a súa preocupación pola consecuencia que para os veciños pode ter a próxima supresión dos actuais Rexistros Cívís coa definitiva entrada en vigor da Lei 20/2011, do 11 de xullo, do Rexistro Civil, circunstancia que xa foi posta en coñecemento da Sra. Secretaria de Estado de Xustiza polo Presidente e Vicepresidentes-voceiros dos partidos representados na Federación na recente xuntanza mantida coa mesma.

Esta previsión legal obrigará aos cidadáns, á marxe do lugar onde residan, a desprazarse aos escasos Rexistros Mercantís existentes en Galicia ou ás futuras Oficinas Xerais do Rexistro Civil, cuxo emprazamento se ignora (probablemente nas capitais provinciais, segundo prevé o proxecto de Lei de medidas de reforma administrativa no ámbito da Administración de Xustiza e do Rexistro Civil). Ademais Galicia conta cunha poboación notablemente avellentada e dispersa en máis de 30.000 núcleos de poboación, a metade de todos os existentes en España, sen que moitos deles contén actualmente coa tecnoloxía necesaria para implantar a prevista plataforma electrónica.

Por estas circunstancias a Fegamp, tal e como comunicou ao Director Xeral dos Rexistros e do Notariado do Goberno de España, esixe o mantemento dos servizos e funcións dos rexistros cívís no ámbito municipal máis próximo encomendándose os mesmos aos Xulgados de Paz, elo sen prexuízo de considerar, en atención á nova natureza administrativa do Rexistro Civil, e para municipios sen Xulgado de Paz, a colaboración ou participación municipal, co conseguinte financiamento que establece a Lei 27/2013 de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, no desempeño destas funcións dos rexistros máis alá das previsións actualmente recollidas no artigo 22.2 da Lei 20/2011 e na liña xa existente en países do noso entorno tales como Francia e Italia.

Ao tempo a Comisión Executiva insta a todos os concellos galegos a que tomen acordos plenarios nestes mesmos termos e que estes sexan remitidos a esta Federación así como ao Ministerio de Xustiza”.

A Presidencia di que segundo as novas que saíron na prensa, parece ser que este asunto está conxelado, non obstante é importante aprobar este acordo e manifestar a postura do concello, á espera de ver que pasa con todo este tema.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE di que o seu grupo espera que sexa finalmente un punto e final neste asunto, porque realmente as repercusións para a cidadanía son importantes, e ao seu entender é moi grave que datos que se manexan para infinidade de actos públicos pasen á mans privadas e se perda practicamente o seu control; e de non ser así, empraza ás futuras corporacións municipais para que fagan fronte a isto e o impidan con todos os recursos que teñen ao seu alcance.



O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar o citado acordo.

5º.- Acordo, se procede, sobre aprobación definitiva do Plan especial de protección e integración paisaxística de actuación na ordenanza N3 de Fincas Singulares (Fonte de Meire) en Pousada de Abaixo –Vedra.

Vista a solicitude presentada por Eduardo Cruz Aguiar, en representación da Familia Torre para aprobación definitiva do Plan Especial de Protección e Integración Paisaxística de Fonte de Meire (Vedra).

Vistos os informes sectoriais previos, entre eles o emitido pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, con data do 16 de abril de 2013, de NON SOMETER o mencionado plan especial a Avaliación Ambiental Estratéxica e de que o Pleno da corporación, con data do 27 de xuño de 2013, aprobou inicialmente o Plan Especial de Protección e Integración Paisaxística de actuación na ordenanza N3 de Fincas Singulares (Fonte de Meire), no lugar de Pousada de Abaixo na parroquia de Vedra, neste termo municipal.

Logo de que o mencionado plan se sometese a información pública polo prazo de 2 meses, mediante anuncios publicados no DOG núm. 143 de data 29 de xullo de 2013; no xornal La Voz de Galicia de data 6 de xullo de 2013; no xornal El Correo Gallego de data 9 de xullo de 2013. Tamén se notificou aos titulares catastrais.

Vistos os informes sectoriais requiridos e emitidos: Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, 13 de xaneiro de 2014; Deputación Provincial de A Coruña (Servizo de Vías e Obras), 19 de xuño de 2013; Ministerio de Fomento (Dirección Xeral de Aviación Civil), 30 de setembro de 2013; Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural), 23 de febreiro de 2015.

Logo de que durante o período de información pública non se tiveran presentado alegacións ao expediente en trámite.

Visto o informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais en relación co asunto, de data 10 de abril de 2015.

Considerando os antecedentes expostos e de conformidade co disposto nos artigos 86 e demais de aplicación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; 22 e demais de aplicación da Lei 7/1985, do 2 de abril, e demais lexislación de aplicación, propónse:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o *Plan especial de protección e integración paisaxística de Fonte de Meire*, en Pousada de Abaixo (Vedra), coas modificacións resultantes dos informes emitidos, xa incorporadas ao documento presentado para aprobación definitiva, e nos termos da documentación técnica presentada e asinada por Eduardo Cruz Aguiar e Pablo Martínez Rodríguez en calidade de Arquitectos.

Segundo.- Publicar a aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, para os efectos do establecido no artigo 92 da Lei 9/2002, do 30 de decembro; igualmente



publicar a aprobación definitiva xunto coa normativa e as ordenanzas do mencionado plan no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

Terceiro.- Remitir, debidamente dilixenciados, o expediente e dúas copias do proxecto ao órgano autonómico competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

6º.-Acordo, se procede, sobre aprobación inicial de expediente de mutación demanial de bens de titularidade municipal.

6.1.- Mutación demanial dos edificios emprazados nas parroquias de San Mamede de Ribadulla, Ponte Ulla e San Andrés de Illobre.

Con data do 13 de abril de 2015 iniciouse expediente de mutación demanial dos seguintes bens inmobles: edificio sito no lugar de San Gregorio na parroquia de San Mamede de Ribadulla, con destino a ESCOLA UNITARIA DE SAN MAMEDE, que consta de dúas plantas, emprazado sobre a parcela con referencia catastral 000100100NH43D e inscrito no Inventario Municipal de Bens co número 1INM08900015; edificio emprazado no lugar de Ponte Ulla (Ponte Ulla) con destino a ESCOLA UNITARIA DE PONTE ULLA que consta dunha planta, emprazado sobre a parcela con referencia catastral 8965602NH4386N e inscrito no Inventario Municipal de Bens co número 1INM08900016; edificio emprazado no lugar de Viñopequeno (San Andrés de Illobre) con destino a ESCOLA UNITARIA DE ILLOBRE que consta dunha planta, emprazado sobre a parcela con referencia catastral 001600700NH43G e inscrito no Inventario Municipal de Bens co número 1INM08900018. Os mencionados bens estaban destinados a usos de escola e vivenda de mestres e destináranse a USOS COMUNITARIOS E SOCIAIS.

Na mesma data redactouse informe de Secretaría en relación co procedemento e a lexislación aplicable para levar a cabo a mutación demanial interna do ben inmovible descrito anteriormente; os Servizos Técnicos Municipais emitiron o informe en relación co asunto e figura no expediente a documentación pertinente.

Visto canto antecede propónse:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o cambio de destino dos bens obxectos do expediente (emprazados neste termo municipal): edificio sito no lugar de San Gregorio na parroquia de San Mamede de Ribadulla, con destino a ESCOLA UNITARIA DE SAN MAMEDE; edificio emprazado no lugar de Ponte Ulla (Ponte Ulla) con destino a ESCOLA UNITARIA DE PONTE ULLA; edificio emprazado no lugar de Viñopequeno (San Andrés de Illobre) con destino a ESCOLA UNITARIA DE ILLOBRE, que no sucesivo serán destinados a USOS SOCIAIS E COMUNITARIOS, como mutación demanial interna ou obxectiva, sen que supoña cambio da súa natureza de ben de dominio público, afecto a un servizo público.

SEGUNDO. Por considerar conveniente para os intereses públicos a participación cidadá no presente expediente, anunciar no *Boletín Oficial de la Provincia* e no taboleiro de edictos do Concello, polo prazo de un mes, o acordo adoptado e



expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar alegacións ou reclamacións.

TERCEIRO. Considerar aprobado definitivamente o acordo plenario inicial e o expediente, de non presentarse alegacións ou reclamacións, ou, no seu caso, con novo acordo plenario definitivo resolvendo as mesmas.

CUARTO. Cando o acordo sexa definitivo, rectificar no Inventario Municipal de Bens e no Rexistro da Propiedade, de ser o caso, o cambio de destino efectuado no citado ben inmovible municipal.

QUINTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura de todos os documentos relacionados con este asunto.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta

6.2.- Mutación demanial da primeira planta do edificio destinado a escola na parroquia de San Xián de Sales.

Con data do 13 de abril de 2015 iniciouse expediente de mutación demanial do ben inmovible definido como segue: PRIMEIRA PLANTA DO EDIFICIO DEDICADO A ESCOLA, sito no lugar de Cibrán (San Xián de Sales), neste termo municipal, situado na parcela con referencia catastral 001604600NH44A, e inscrito no Inventario Municipal de Bens co número 1INM08900019, epígrafe 1, Bens Inmóveis, cualificado como ben de dominio público, que estaba destinado ao uso ou servizo de vivenda de mestres, para destinalo a USOS COMUNITARIOS E SOCIAIS.

Na mesma redactouse informe de Secretaría en relación co procedemento e a lexislación aplicable para levar a cabo a mutación demanial interna do ben inmovible descrito anteriormente; os Servizos Técnicos Municipais emitiron o informe pertinente e figura no expediente a documentación pertinente.

Visto canto antecede, proponse:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o cambio de destino do ben obxecto do expediente, PRIMEIRA PLANTA DO EDIFICIO DESTINADO A ESCOLA, emprazado no lugar de Cibrán (San Xián de Sales), neste termo municipal, que no sucesivo será destinado para USOS SOCIAIS E COMUNITARIOS, como mutación demanial interna ou obxectiva, sen que supoña cambio da súa natureza de ben de dominio público, afecto a un servizo público.

SEGUNDO. Por considerar conveniente para os intereses públicos a participación cidadá no presente expediente, anunciar no *Boletín Oficial de la Provincia* y taboleiro de edictos do Concello, polo prazo de un mes, o acordo adoptado e expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar alegacións ou reclamacións.

TERCEIRO. Considerar aprobado definitivamente o acordo plenario inicial e o expediente, de non presentarse alegacións ou reclamacións, ou, no seu caso, con novo acordo plenario definitivo resolvendo as mesmas.



CUARTO. Cando o acordo sexa definitivo, rectificar no Inventario de Bens e no Rexistro da Propiedade, de ser o caso, o cambio de destino efectuado no citado ben inmovible municipal.

QUINTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura de todos os documentos relacionados con este asunto.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

7º.- Acordo, se procede, sobre adhesión ao proxecto “Ciudades en red contra el consumo de alcohol para menores de edad”.

Solicítase a declaración de urxencia deste punto, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

De seguido dáse conta que o pasado mes de decembro de 2013 a Federación Española de Bebidas Espirituosas (FEBE) e o Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, presentaron a primeira iniciativa público-privada, destinada a loitar contra o consumo de alcohol en menores de idade. Esta campaña nace do compromiso da Federación Española de Bebidas Espirituosas coa sociedade, achegando solucións ao problema de consumo de alcohol en menores de idade.

Baixo o lema “*Menores ni una gota. Más de 100 razones para que un menor no beba alcohol*”, FEBE e o Ministerio de Sanidad crearon unha campaña que ten como obxectivo loitar contra o consumo de alcohol en menores de idade, dende unha perspectiva preventiva e educativa achegando razóns que evidencian por que o único consumo válido en menores é un consumo cero.

O proxecto Ciudades en Red contra el consumo de alcohol por menores de idade cédelle o protagonismo e o liderado da campaña aos concellos que se sumen a ela, para trasladar as accións que se desenvolven a nivel nacional, ao ámbito municipal.

Á vista do anterior propónse a adhesión do concello ao citado proxecto.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada adhesión.

8º.- Dar conta do Período Medio de Pago do 1º trimestre de 2015.

Declárase a urxencia deste punto que se aproba por unanimidade dos asistentes.

A continuación por parte do Sr. Secretario -Interventor dáse conta que o PMP do primeiro trimestre de 2015, é de 2,34 días.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, dáse por informado.

9º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

Aos rogos formulados no pleno anterior, a Presidencia contesta:

Sobre da actuación nun camiño público en Pumariño -Ponte Ulla, di que parece ser que xa se retiraron os postes na semana seguinte e con respecto ao escrito lido polo voceiro do BNG, Sr. Pose, polos problemas na centraliña telefónica de Vedra, di que xa se remitiu a petición.



10º.- Rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Albela de TEGA, e expón que non formará parte da vindeira corporación municipal, agradecéndolle ao persoal municipal polo bo trato non só coa súa persoa, senón con todos os veciños, e aparcando as diferenzas, á todas as corporacións polo respecto de diferentes pareceres, manifestándolles aos presentes que segue á súa disposición para calquera cousa que se precise del, desexándolles sorte na vindeira campaña electoral, que el sempre foi partidario de campañas nobres que axudan a facer cohesión e veciñanza.

A Presidencia sinala que hai compañeiros da corporación que non van en ningunha lista polo que non van formar parte da vindeira corporación municipal, como é o caso do Sr. Albela , dona Lucía González e dona Celia Alegre, polo que cre que é preciso facer aquí un recoñecemento expreso ao seu traballo durante estes anos polo ben dos veciños, extensible a calquera outro que apesares de formar parte dunha lista non formen parte da futura corporación.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e cinco minutos.